

tes ao da publicación desta resolución no BOE. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a dita publicación.

Por necesidades do servizo, mediante acordo dos presidentes das corporacións en que teña que cesar e tomar posesión o concursante, poderase diferir o cesamento e a toma de posesión ata un máximo de tres meses, debendo o segundo deles dar conta do acordo ao órgano correspondente da/s comunidade/s autónoma/s respectiva/s.

Quinto.-As entidades locais deberán remitir ao órgano correspondente da comunidade autónoma respectiva copia da acta de toma de posesión e cesamento dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se produzan.

Sexto.-Os postos que quedaron desertos ou non se adxudicaron incluíranse no próximo concurso unitario de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, en cumprimento do disposto no artigo 25.1º b) e c) do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, modificado polo Real decreto 834/2003, do 27 de xuño.

Sétimo.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante esta dirección xeral, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, á elección dos interesados, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ou o correspondente á circunscrición onde teñan o seu domicilio, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, así como nos artigos 10.1º i) e 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

ANEXO II

Comunidade Autónoma de Galicia

*Intervención-Tesouraría Categoría Superior.

-Lugo:

Deputación Provincial de Lugo 2700101.

Abelleira Fernández, Rosa. DNI 16032468.

*Secretaría-Intervención.

-Coruña, A:

Concello de Curtis 1531001.

Casal Espido, Pablo. DNI 33996778.

Concello de Mesía 1546001.

Bendaña Pardo, Eladio. DNI 32759156.

Concello de Santiso 1578001.

Ares Bao, Mª Yolanda. DNI 32679069.

-Lugo:

Concello de Begonte 2707001.

Lorenzo Morandeira, Antonio. DNI 33850257.

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 7 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo dereitos fundamentais 12/2009 in, interposto por Blanca María Fernández Pérez e Juan Carlos Morillo López.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia solicitude de remisión do expediente relativo ao recurso contencioso-administrativo dereitos fundamentais número 12/2009 in, interposto por Blanca María Fernández Pérez e Juan Carlos Morillo López, en relación coa inactividade da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actualmente Consellería de Facenda) ante a petición de que se declare a lesión do dereito fundamental do artigo 23, punto 2º, da Constitución española, na tramitación do procedemento de ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de veterinarios, convocado pola orde da consellería do 29 de decembro de 2004.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 116.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, e son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de 5 (cinco) días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz

Director xeral da Función Pública

Resolución do 9 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 236, do 4 de decembro), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 9 de outubro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2009 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de

inspección de consumo, acordou, de conformidade co disposto na base II.1.1 e III.9 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 29 de outubro de 2009, no auditorio do recinto da Feira Internacional de Silleda, en chamado único que se iniciará ás 16.30 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2009.

Antón Baeza Barrantes
Presidente do tribunal

Resolución do 20 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008.

Na sesión que tivo lugar o día 20 de outubro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (DOG número 141, do 21 de xullo) para cualificar o proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008 (DOG número 144, do 28 de xullo), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Anular, de acordo coas alegacións presentadas, a pregunta número 60, que pasa a ser substituída pola pregunta de reserva número 101.

De conformidade co disposto na base II.1.4.6 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Terceiro.-De acordo co establecido na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, o número total de respostas acertadas para obter a cualificación de aprobado (10 puntos) é de cincuenta e unha (51).

Cuarto.-Realizar os trámites oportunos para publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes que se presentaron ao primeiro exercicio do proceso selec-

tivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Quinto.-De acordo co disposto na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación coas puntuacións no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2009.

Belén Liste Lázara
Presidenta do tribunal

Resolución do 20 de outubro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008.

Na sesión que tivo lugar o día 20 de outubro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 17 de xullo de 2009 (DOG número 141, do 21 de xullo) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008 (DOG número 144, do 28 de xullo), e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Modificar no modelo de respostas publicado a contestación á pregunta número 98 do primeiro exercicio, de maneira que a resposta correcta é a letra d).

Segundo.-Anular, de acordo coas alegacións presentadas, as preguntas número 20, 49, 65 e 69, que pasan a ser substituídas as tres primeiras polas preguntas de reserva número 101, 102 e 103.

De conformidade co disposto na base II.1.4.6 da convocatoria, contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Cuarto.-Que de acordo co establecido na base II.1.1.1 da orde da convocatoria, así como na Resolución do 1 de setembro de 2009 (DOG número 176, do 8 de setembro), o número total de respos-